

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA

CURSO: 1º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA 1

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**No 1º Trimestre, valorarase se o/a alumno/a**

1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). **(CCL e CAA)**
2. Produce textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección, respectando as regras de interacción. **(CCL e CSC)**
3. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua **(CCL)**
4. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá **(CCL e CSC)**
5. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil e, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación **(CCL, CD e CSC)**
6. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros). **(CCL)**
7. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. **(CCL e CAA)**
8. Recoñece e explica o uso de categorías gramaticais (substantivo, adxectivo e verbo) nos textos. **(CCL e CAA)**
9. Amplía o vocabulario básico relacionado con: o dormitorio, a familia, a aula, a rúa. **(CCL)**
10. Coñece as linguas que se falan en Galicia. **(CCL)**
11. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade. **(CCL)**
12. Le expresiva e comprensivamente **(CCL)**

**No 2º Trimestre, valorarase se o/a alumno/a**

1. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. **(CCL e CAA)**
2. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. **(CAA)**
3. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. **(CCL)**
4. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. **(CCL, CAA)**
5. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. **(CCL, CCA e CD)**
6. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. **(CCL e CSC)**
7. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.

(CCL)

8. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). **(CCL)**
9. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. **(CCL e CD)**
10. Amplía o vocabulario básico relacionado con: As accións do corpo, os cinco sentidos e as maneiras de ser, os animais. **(CCL)**
11. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronome persoal, artigo, demostrativo, posesivo e indefinido) nos textos. **(CCL e CAA)**
12. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos: narrador, argumento, personaxes, espazo e tempo. **(CCL)**

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>No terceiro trimestre avaliaremos mediante a corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado. Terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>○ O interese en consultar o material de apoio para realizar ditas tarefas.</li><li>○ A observación das pautas indicadas pola profesora.</li><li>○ A coherencia, cohesión e gramaticalidade dos textos producidos.</li><li>○ O emprego do dicionario para resolver dúbidas de léxico, gramaticais e ortográficas.</li><li>○ A autocorrección.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Lectura e resumo oral ou escrito de textos (incluído o libro obrigatorio).</li><li>● Actividades de lectura e comprensión.</li><li>● Exercicios de ortografía.</li><li>● Actividades de repaso de morfoloxía.</li><li>● Exercicios de expresión escrita creativa: diario, caligrama, carta...</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para obter a cualificación final de curso partiremos da <b>media da primeira e segunda avaliación</b> á que se lle <b>podrán sumar ata dous puntos</b> polas actividades realizadas neste terceiro trimestre, que se estimará como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● 2 puntos: entrega todas as tarefas e están ben feitas.</li><li>● 1,5 puntos:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Entrega o 75% das tarefas e están feitas con interese.</li><li>○ Ou entrega todas as tarefas e están feitas entre regular e ben.</li></ul></li><li>● 1 punto:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Entrega o 50% das tarefas e están ben feitas.</li><li>○ Entrega todas as tarefas e están regular.</li><li>○ Entrega o 75% das actividades e están entre regular e ben.</li></ul></li><li>● 0,5 puntos:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Entrega menos do 50% das actividades e están entre regular e ben.</li><li>○ Entrega todas as tarefas e están entre regular e mal.</li></ul></li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 0 puntos: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Entrega menos do 25% das tarefas e están entre regular e mal ou non entrega nada.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (Ata o tema 5)</p> <p>Será unha proba similar ás realizadas no primeiro e segundo trimestre.</p> <p>De non poder realizarse de forma presencial realizarase por vía telemática, ben a través dun traballo, ben por medio dun exame (proporcionando os medios necesarios), que poderá ser oral ou escrito.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	En primeiro da ESO non hai alumnado coa materia pendente.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p><b>Son todas actividades de repaso e recuperación, decidimos non avanzar materia.</b></p> <p>Realizáronse actividades sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O texto expositivo</li> <li>• O uso do h</li> <li>• Vocabulario: a maneira de ser.</li> <li>• Figuras literarias: hipérbole e personificación</li> <li>• Exercicios de expresión escrita: diario, caligrama, carta...</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todo o alumnado de 1º ESO está matriculado na Aula Virtual de Abalar, e dispón de algún medio para conectarse ou imprimir o material que se sobe a dita Aula Virtual ou á páxina Web do centro.</p> <p>Por iso a metodoloxía céntrase nos medios telemáticos manexados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntamentos na Aula Virtual e/ou na páxina do Centro.</li> <li>• Entrega de actividades mediante a aplicación MOODLE e na páxina Web do Centro.</li> <li>• Devolución das actividades corrixiadas e cualificadas a través da Aula Virtual ou o correo electrónico.</li> <li>• Resolución de calquera dúbida a través do Foro de dúbidas da Aula Virtual ou do correo electrónico.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O libro de texto.</li> <li>• Apuntamentos propios en PDF dispoñibles en MOODLE e na Aula Virtual.</li> <li>• Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A páxina Web do Centro, a Aula Virtual e o correo electrónico en caso de que fose necesario.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.